



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública establecemento e imposición ordenanzas municipais

ANUNCIO

O concello pleno en sesión celebrada o 30 de maio de 2024 aprobou provisoriamente o establecemento e imposición das seguintes:

-ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

-ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da pista municipal de pádel.

En cumprimento do disposto no artigo 17.1 e 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, queda exposto ao público, na secretaría-intervención deste concello, o correspondente expediente durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, con obxecto de que poidan presentarse reclamacións e suxestións polos interesados.

De non se presentaren reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, consonte co disposto no artigo 17.3 do devandito Real decreto legislativo.

Laxe, 31 de maio de 2024.

O alcalde,

Francisco Charlín Orons

2024/3821